



ROSA


de cen follas

XVIII CONCURSO LITERARIO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

*“Mais ve que meu corazón é unha
rosa de cen follas
e é cada folla unha pena que vive
apegada noutra...”*

Rosalía de Castro



COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

BASES XVII CONCURSO LITERARIO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

ROSA DE CEN FOLLAS

PRIMEIRA.

Poderán optar ao premio todos os autores e autoras de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Os autores e autoras que teñan recibido xa o premio nunha modalidade non poderán presentarse a esa mesma modalidade nas tres seguintes convocatorias. Pasado ese tempo poderán concorrer con toda normalidade.

SEGUNDA.

Establécese un premio de 500 € para a modalidade de poesía e outro de igual contía para a modalidade de narrativa.

O Colexio poderá publicar as obras premiadas na páxina web e noutras publicacións de divulgación do Colexio, sen que iso interfira cos dereitos de autor da persoa gañadora.

TERCEIRA.

As obras, que serán de tema libre, deberán presentarse á modalidade de poesía ou á modalidade de narrativa, e terán unha extensión máxima de dúas páxinas con letra Times New Roman tamaño 12 e entreliñado de 1,5.

As obras presentaranse baixo un título e un lema, no que conste o título e o lema que figurarán na obra, así como a modalidade á que se presenta, e no corpo do correo electrónico para poder garantir o anonimato para o xurado debe figurar o nome e apelidos do autor ou autora, o seu enderezo, número de teléfono e correo electrónico. Garantírase que o xurado só teña acceso ás obras, quedando baixo a custodia do COPG e coa prohibición expresa de dar traslado dos datos identificativos dos/as autores/as ata que o xurado decida os/as gañadores/as.

CUARTA.

O prazo de admisión remata o **31 de maio de 2026**, e deberán enviarse ao correo electrónico do Colexio: copgalicia@copgalicia.gal indicando no Asunto do correo electrónico "PREMIO ROSA DE CEN FOLLAS", e a modalidade á que se presenta, narrativa ou poesía.

QUINTA.

O xurado estará presidido pola decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e formarán parte del: a coordinadora da Comisión de Cultura, e dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito das nosas letras.

SEXTA.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar ao Colexio a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán segredas e delas redactarase a acta correspondente. O xurado poderá declarar desertos os premios no caso de que as obras non reúnan a calidade ou os requisitos esixidos. A decisión do xurado será comunicada ás persoas gañadoras do concurso e posteriormente, darase a coñecer nos distintos medios de comunicación.

SÉTIMA.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

CONCURSO LITERARIO DO COPG ROSA DE CEN FOLLAS | Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase á persoa interesada do seguinte:

Responsable: Identidade: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CIF: Q1500265B

Enderezo: Espiñeira, 10-Baixo, 15706, Santiago de Compostela, A Coruña. Teléfono: 981 534 049. Email: copgalicia@copgalicia.gal.

Delegada de Protección de Datos: Cecilia Barros Díaz. Contacto Delegada de Protección de Datos: dpo@protexdat.com

Finalidades: Xestión e control das obras presentadas no XIV Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, así como todas as obrigas derivadas do mesmo. Non se coñecerán as persoas "aspirantes" ata o momento en que o xurado decida a outorgación dos premios.

Lexitimación: RGPD: Art. 6.1. Consentimento da persoa interesada, execución dun contrato. LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Colectivo: Persoas físicas que desexen participar no concurso segundo as bases especificadas no mesmo.

Categorías de datos: Datos identificativos, transaccións de bens e servizos, só tras o momento da decisión do xurado. Antes só se accederá por parte do xurado ao título e ao lema e en todo caso ao "alias" do/a autor/a, que non poderá coincidir co seu nome real.

Cesións: Non se cederán os datos a terceiros, salvo o seu consentimento expreso ou as excepcións previstas pola normativa vixente, por exemplo, Axencia Tributaria ou existencia de empresas ás que a entidade encomende a xestión dalgún dos tratamentos. Os datos das persoas gañadoras faranse públicos na páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, así como en redes sociais do mesmo.

Dereitos: Acceso, rectificación, supresión e dereito ao olvido, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD e non ser obxecto de elaboración de perfís. Dereito a revocar o consentimento prestado.

Máis información: Pode consultar máis información no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.